

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ORDE do 15 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado de segundo e posteriores cursos matriculado nas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso 2016/17, nas ramas de coñecemento afectadas polos cambios de requisitos académicos introducidos polo Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño (Boletín Oficial del Estado número 160, do 5 de xullo).*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, regula o dito sistema, con respecto á autonomía universitaria, no marco do Sistema universitario español e do Espazo Europeo de Educación Superior.

No artigo 108.1 da referida lei establécese que, sen prexuízo das competencias do Estado, a Xunta de Galicia articulará unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo e á investigación, mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas.

O Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2012/13, e se modifica parcialmente o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro (BOE nº 160, do 5 de xullo), cambiou os requisitos académicos xerais para poder acceder ás bolsas de carácter xeral para ensinanzas universitarias convocadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

O cambio de requisitos académicos afectou, entre outros, o alumnado de segundo e posteriores cursos que ten que acreditar ter superado unha porcentaxe de créditos ECTS superior á exixida ata ese momento, en función da rama de coñecemento á cal se adscribe o título. Así, na rama de Enxeñaría e Arquitectura deben ter superado nos últimos estudos



cursados o 65 % dos créditos matriculados e nas ramas de Arte e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, o 90 % dos créditos matriculados.

Neste contexto, no marco da súa competencia a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolve anualmente diversas liñas de axuda coa finalidade de cubrir, na medida do posible, as necesidades do alumnado universitario, liñas que, en prol da súa eficacia e eficiencia, deben adaptarse ás cambiantes circunstancias do contorno socioeconómico actual e ás variacións normativas producidas a nivel estatal.

Na súa consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera prioritario continuar coa súa política de apoio económico ao alumnado universitario a través desta orde de axudas destinada a facer fronte aos gastos derivados da matrícula dos/das alumnos/as de segundo e posteriores cursos que cumpran os requisitos establecidos na presente convocatoria.

Esta orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de axudas e subvencións, e no establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas destinadas a financiar os gastos derivados da matrícula no curso académico 2016/17, do alumnado de segundo e posteriores cursos matriculado en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica nas ramas de coñecemento afectadas polos cambios de requisitos académicos introducidos polo Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño (BOE nº 160, do 5 de xullo), nunha universidade do Sistema universitario de Galicia.



**Artigo 2. Orzamento**

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2017. Na súa virtude, a concesión das subvencións condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.422C.480.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2017, cunha contía global de 200.000 euros, sen prexuízo de poder ser incrementadas de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería, de conformidade cos supostos recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

**Artigo 3. Requisitos dos/das solicitantes**

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española, ou doutro país da Unión Europea ou países terceiros, cando se acredite a condición de residente en España.

b) Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os cales solicita a axuda.

c) Estar matriculado en segundo e posteriores cursos nunha universidade do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2016/17 dun mínimo de 60 créditos en ensinanza conducentes a unha titulación oficial de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica nas ramas de coñecemento afectadas polos cambios de requisitos académicos introducidos polo Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño (BOE nº 160, do 5 de xullo), nunha universidade do Sistema universitario de Galicia, agás o alumnado ao cal lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos, que deberá de estar matriculado como mínimo de 45 créditos.



d) Ter sido beneficiario/a da bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no curso académico 2014/15 ou no 2015/16 e non ter obtido a bolsa no curso 2016/17.

e) Ter superado no curso 2015/16 a seguinte porcentaxe dos créditos matriculados, excluindo os validados, recoñecidos ou adaptados:

– En estudos pertencentes á rama de coñecemento de Ensinanzas Técnicas (enxeñaría ou arquitectura), igual ou superior ao 60 % e menos do 65 %.

– En estudos pertencentes ás ramas de Artes e Humanidades ou de Ciencias Sociais e Xurídicas, igual ou superior ao 80 % e menos do 90 %.

f) Non estar incluídos nos casos de exención total de matrícula previstos no artigo 11 do Decreto 80/2016, do 23 de xuño (DOG nº 131, do 12 de xullo), polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2016/17.

g) Que a renda da unidade familiar non supere os seguintes limiares:

– Familias de 1 membro: 14.112,00 euros.

– Familias de 2 membros: 24.089,00 euros.

– Familias de 3 membros: 32.697,00 euros.

– Familias de 4 membros: 38.831,00 euros.

– Familias de 5 membros: 43.402,00 euros.

– Familias de 6 membros: 46.853,00 euros.

– Familias de 7 membros: 50.267,00 euros.

– Familias de 8 membros: 53.665,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.391,00 euros por cada novo membro computable da familia.



**Artigo 4. Contía da axuda**

1. A dotación asignada a cada beneficiario/a será a do importe total da matrícula, incluídas as taxas, que é dun máximo de 862,90 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Enxeñaría e Arquitectura e grao en Belas Artes e dun máximo de 618,10 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, tal e como se recolle no Decreto 80/2016, do 23 de xuño (DOG nº 131, do 12 de xullo), polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2016/17.

2. A axuda só alcanzará os créditos dunha única titulación e especialidade.

3. Quedan excluídas do importe da axuda as exencións e bonificacións do pagamento das taxas a que tivese dereito o/a beneficiario/a.

**Artigo 5. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

1. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado ED441D dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes serán subscritas electronicamente pola persoa interesada ou pola persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico [012@xunta.gal](mailto:012@xunta.gal)

Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día



de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

*Artigo 6. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo II en que se relacionan os membros da unidade familiar da persoa solicitante e en que se acreditará o consentimento para a consulta dos datos en poder das administracións públicas necesarios para a tramitación do procedemento.

b) Certificado de residencia en que consten todos os membros computables da unidade familiar que residan coa persoa solicitante no domicilio habitual en 31 de decembro de 2015, no caso de residentes fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Extracto do expediente académico actualizado en que conste a totalidade das materias cos seus correspondentes créditos e cualificacións, relativo ao curso 2015/16, así como a totalidade de materias e créditos en que está matriculado/a no curso 2016/17.

d) Copia do documento acreditativo de matrícula na universidade en que deberá figurar o importe da matrícula, as materias e o número de créditos en que está matriculado/a no curso académico 2016/17.

e) Copia do documento acreditativo de matrícula na universidade en que deberá figurar o importe da matrícula, as materias e o número de créditos en que estivo matriculado/a no curso académico 2015/16.

f) Copia da resolución de concesión da bolsa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do curso académico 2014/15 ou 2015/16.

g) Copia da resolución de denegación da bolsa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do curso 2016/17, se foi petionario/a dela.

h) Cando a persoa solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, deberá presentar a documentación xustificativa de ter domicilio en propiedade ou en alugamento e de dispor dos medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos.



Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

#### Artigo 7. *Comprobación de datos*

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os seguintes datos de todas as persoas solicitantes en poder das administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar maiores de idade.

b) Certificado de residencia de todos os membros computables da unidade familiar que residan coa persoa solicitante no domicilio habitual o 31 de decembro de 2015.

c) Certificado de renda das persoas físicas da persoa solicitante e de todos os membros computables da unidade familiar ou, en defecto desta, do certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal 2015.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os devanditos documentos.



No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

*Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

*Artigo 9. Instrución do procedemento e exposición de listaxes provisionais para emenda de solicitudes e documentación*

1. A Secretaría Xeral de Universidades, rematado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas súas xefaturas territoriais e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas. Así mesmo, poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) na epígrafe de Ensinanza/Universidade.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de reclamación de dez días e, durante ese prazo, poderán emendar erros e a falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerárase que o/a interesado/a desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

*Artigo 10. Comisión avaliadora*

1. A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: o titular da Secretaría Xeral de Universidades ou a persoa en quen delegue.

Vogais: dous/dúas representantes da Secretaría Xeral de Universidades.

Secretario/a: o/a xefe/a do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, que actuará con voz e voto.





2. A comisión avaliadora, para o exercicio das súas funcións, poderá contar co asesoramento de expertos/as na materia obxecto da convocatoria.

3. Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da Secretaría Xeral de Universidades.

#### Artigo 11. *Criterios de avaliación*

A comisión avaliadora levará a cabo a selección ordenando todas as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nesta orde en función da renda familiar establecida no artigo 3.g).

1. Terán prioridade as solicitudes que teñan a menor renda per cápita empezando polas rendas máis baixas, de acordo coa renda individual familiar resultante de dividir a renda da unidade familiar entre o número de membros.

2. A renda da unidade familiar obterase pola suma das rendas do exercicio 2015 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Para a determinación da renda dos membros computables que presenten declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas procederase do seguinte xeito:

- Primeiro: sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro.
- Segundo: deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

4. Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas procederase do seguinte xeito:

- Primeiro: sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro.
- Segundo: deste resultado restaranse os pagamentos á conta efectuados.



5. Para os efectos previstos nesta orde, e con referencia á situación familiar en 31 de decembro de 2015 considérase que:

a) Conforman a unidade familiar:

– A persoa solicitante.

– Os pais non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.

– Os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar ou os maiores de idade cando se trate de persoas con discapacidade.

– Os ascendentes que convivan no domicilio familiar.

b) Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendente e ascendentes que convivan con eles.

c) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa nai ou co pai do solicitante.

d) No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante da axuda.

e) No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

f) Nos casos en que o solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá probar que conta con medios económicos propios suficientes que permitan a dita independencia. Se os ingresos acreditados resultan inferiores aos gastos soportados considerados indispensables (vivenda, manutención, etc.) entenderase non probada a independencia, polo que para o cálculo da renda para os efectos desta axuda computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refire este artigo.

6. Para os efectos previstos nesta orde deducirase da renda familiar o 50 % dos ingresos achegados por calquera membro computable da familia distinto dos sustentadores principais.



7. En caso de empate entre dous ou máis solicitantes procederáse ao desempate tendo en conta o maior número de créditos cursados y superados.

#### Artigo 12. *Proposta de resolución*

Unha vez efectuada a selección a comisión avaliadora elevará, a través da Secretaría Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a adxudicación das bolsas mediante a correspondente resolución.

#### Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaránse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaránse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á contax de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As notificacións por medios electrónicos entenderánse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

4. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Resolución*

1. A resolución terá o seguinte contido:

a) Listaxe de beneficiarios/as das axudas.

b) Listaxe de solicitudes denegadas por non reunir algún ou algúns dos requisitos exixidos nesta convocatoria.



2. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A resolución de concesión das bolsas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es> pola que se entenderán notificados para todos os efectos os solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. Os/as solicitantes aos/ás que lles sexa denegada a axuda poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo máximo de dous meses a partir da publicación da resolución de concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 15. *Pagamento*

O aboamento das bolsas farase efectivo mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.

#### Artigo 16. *Obrigas dos/das beneficiarios/as*

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e a obriga de:

a) Informar o órgano que concede a bolsa da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.



b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Acreditar mediante certificación que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I desta orde, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

d) Seguir con aproveitamento durante o curso académico con carácter presencial os estudos en que se atope matriculado e non anular a matrícula.

#### Artigo 17. *Compatibilidades, alteración, modificación e reintegro das axudas*

1. Estas axudas son incompatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que a conceda.

Non será admisible a percepción de máis dunha axuda para o aboamento dos prezos por servizos académicos das previstas nesta convocatoria, aínda que se solicite para estudos diferentes.

2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O incumprimento total ou parcial por parte do/da beneficiario/a de calquera das condicións e obrigas establecidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír cau-



sa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de mora que lle puidesen corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obteña a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión.

#### Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta convocatoria será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

#### Artigo 19. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é



a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxu@edu.xunta.es](mailto:sxu@edu.xunta.es)

Disposición adicional primeira. *Réxime sancionador*

Os/as beneficiarios/as destas axudas quedan suxeitos/as ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Impugnación da orde*

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Universidades para ditar, dentro das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

|   |   |                                |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>AXUDAS PARA ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE SEGUNDO E POSTERIORES CURSOS NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>ED441D</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---|---|--------------------------------|

**CURSO: 2016/17**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:  Persoa solicitante  Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifico®, <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**DATOS ACADÉMICOS**

TITULACIÓN UNIVERSITARIA

RAMA DE COÑECEMENTO  
 Artes e Humanidades  
 Ciencias Sociais e Xurídicas  
 Enxeñaría e Arquitectura

UNIVERSIDADE  UDC  USC  UVIGO  CAMPUS

IMPORTE DA MATRÍCULA

CURSO ACADÉMICO 2014/15

BOLSEIRO MECD  Si  Non  CRÉDITOS MATRICULADOS

CRÉDITOS SUPERADOS (excluíndo os validados, recoñecidos e adaptados)

CURSO ACADÉMICO 2015/16

BOLSEIRO MECD  Si  Non  CRÉDITOS MATRICULADOS

CRÉDITOS SUPERADOS (excluíndo os validados, recoñecidos e adaptados)

CURSO ACADÉMICO 2016/17

BOLSEIRO MECD  Si  Non  Pendente de resolución  Non se solicitou

CRÉDITOS MATRICULADOS

CVE-DOG: ppdtlje1-pjb4-g4x7-y5r2-s8etojzyweu8







**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**DATOS DA UNIDADE FAMILIAR**

NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUÍDA A PERSOA SOLICITANTE

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ESTADO (1) | IMPORTE (€) |
|-----------|------------|-------------|
|           |            |             |
|           |            |             |
|           |            |             |

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, indicárase DENEGADA.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.
7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que se compromete a manter os ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que se durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración comunicarllo ao órgano xestor.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Anexo II autorizacións de terceiros.
- Certificado de residencia da persoa solicitante, só no caso de residentes fora da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Extracto do expediente académico actualizado (neste extracto debe figurar o número total de materias e créditos e cualificacións do curso 2015/16, e a totalidade de materias e créditos matriculados no curso 2016/17).
- Copia do documento acreditativo da matrícula do curso 2015/16 (neste documento debe figurar o importe da matrícula, as materias e o número de créditos en que estivo matriculado/a).
- Copia do documento acreditativo da matrícula do curso 2016/17 (neste documento debe figurar o importe da matrícula, as materias e o número de créditos en que está matriculado/a).
- Copia da resolución de concesión da bolsa MECD do curso 2014/15.
- Copia da resolución de concesión da bolsa MECD do curso 2015/16.
- Copia da resolución de denegación da bolsa MECD do curso 2016/17, se foi petionario/a dela.
- Documentación acreditativa da independencia familiar e económica, se procede.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.

|  | DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO |
|--|-------------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> DNI <sup>o</sup> NIE da persoa solicitante.  | <input type="checkbox"/>      |
| <input checked="" type="checkbox"/> Certificado de residencia da persoa solicitante.                                       | <input type="checkbox"/>      |
| <input checked="" type="checkbox"/> Certificado de renda da persoa solicitante.  | <input type="checkbox"/>      |
| <input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. | <input type="checkbox"/>      |
| <input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día de pagamento coa Seguridade Social.                                       | <input type="checkbox"/>      |
| <input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda.                                  | <input type="checkbox"/>      |





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I  
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [sxu@edu.xunta.gal](mailto:sxu@edu.xunta.gal)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 15 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas ao alumnado de segundo e posteriores cursos matriculado nas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso 2016/17, nas ramas de coñecemento afectadas polos cambios de requisitos académicos introducidos polo Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño (*Boletín Oficial del Estado*, número 160, do 5 de xullo).

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



Secretaría Xeral de Universidades

CVE-DOG: ppdtlje1-pjb4-g4x7-y5r2-s8etojzyweu8



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


ANEXO II

**MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA QUE A SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES POIDA SOLICITAR OS DATOS TRIBUTARIOS  
Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF), DATOS DE VERIFICACIÓN DA RESIDENCIA  
E DATOS DE VERIFICACIÓN DE IDENTIDADE DA UNIDADE FAMILIAR****COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.

| PARENTESCO COA<br>PERSONA<br>SOLICITANTE | NOME E APELIDOS | NIF | IRPF<br>(só marcar no caso<br>de denegar e<br>presentar o<br>documento) | Residencia<br>(só marcar no caso<br>de denegar e<br>presentar o<br>documento) | Identidade<br>(só marcar no caso<br>de denegar e<br>presentar o<br>documento) | SINATURA |
|--|-----------------|-----|---|---|---|----------|
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |
|  |                 |     | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  | <input type="checkbox"/>  |          |

Observacións: deberanse facer constar todos os membros da unidade familiar incluídos os membros menores de idade aínda que a autorización sexa só asinada polos maiores de 18 anos.



Secretaría Xeral de Universidades

CVE-DOG: ppdtlje1-pjb4-g4x7-y5r2-s8etjzzyweu8

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>